

MEMORIA DO EXERCICIO 2014

AUDITORIO DE GALICIA

2. Xestión indirecta de servizos públicos

As competencias e os servizos que presta o AUDITORIO DE GALICIA son:

a) Servizos obrigatorios

O **AUDITORIO** presta os servizos culturais encomendados.

b) Servizos voluntarios

A maioría destes servizos son prestados de maneira directa polo **Auditorio**.

Non obstante, o servizo de Cafetería-restaurante do Auditorio de Galicia é unha concesión, que se iniciou no ano 2011, o día 15 de abril de 2011, e ten unha vixencia de tres anos, cunha prórroga, por acordo expreso do órgano de contratación por un prazo máximo de outros tres anos, ata contabilizar un máximo total de seis anos, que non se prorrogou, finalizando o día 15 de abril de 2014.

A prestación de servizos de atención ao público nas actividades da área de cultura de Santiago de Compostela é a prestación de servizos de atención técnica nas actividades da área de cultura de Santiago de Compostela son realizadas a través de dous contratos de prestación de servizos. O prazo de execución destes contratos é anual. O Consello Reitor do Auditorio aprobou os Pregos de cláusulas técnicas e administrativas particulares da prestación dos citados servizos, así como o inicio dos expedientes de contratación por procedemento aberto, asinando contratos administrativos do servizo de atención técnica nas actividades da área de cultura de Santiago de Compostela e do servizo de atención ao público nas actividades da área de cultura de Santiago de Compostela con data 4 de novembro de 2013, cunha duración de un ano, prorrogables de mutuo acordo, e de forma expresa por un período dun ano máis, finalizando con data 4 de novembro de 2015.

Tamén existe a contratación da distribución e venda de entradas do Auditorio de Galicia e do Teatro Principal.